



DATOS IDENTIFICATIVOS

Educación: Escola inclusiva e atención á diversidade

Materia	Educación: Escola inclusiva e atención á diversidade			
Código	O05G110V01302			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinador/a	González Fontão, María del Pilar			
Profesorado	González Fontão, María del Pilar			
Correo-e	mpfontao@uvigo.es			
Web	http://http://webs.uvigo.es/mpfontao			
Descrición xeral	<p>A materia Escola Inclusiva e Atención á Diversidade vén constituír unha materia de Formación Básica enmarcada no 2º curso do Plan de Estudos de Formación do Grao de Educación Infantil. Esta materia resulta relevante para a formación do futuro docente dado que nela se analizan e desenvolven tendencias e aportacións actuais que permiten un achegamento aos coñecementos básicos da escola para todos na consideración de distintas situacións de diversidade. Así, a principal aprendizaxe que se pretende suscitar a través desta materia é a relativa á natureza e problemas que afectan á educación cando se enfronta a situacións educativas heteroxéneas en Educación Infantil.</p> <p>De acordo coa actual situación do sistema educativo precísase duns profesionais cualificados que, ademais de dispoñer dun coñecemento xeral acerca do deseño e planificación do ensino, as características do proceso de ensino-aprendizaxe etc., é necesario que saiban realizar eses deseños de acordo coa diversidade de alumnado que teñen os centros educativos e as correspondentes aulas, tamén é preciso que coñezan as diferentes situacións educativas de nenos/as que presentan dificultades de aprendizaxe e atención co fin de descubrir e dispoñer medios e metodoloxías adecuadas, capaces de ofrecer as mellores posibilidades de educación e inclusión escolar.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que o estudiantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas do estudiantado, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela no estudiantado.
C8	Saber informar a outros profesionais especialistas para abordar a colaboración do centro e da docente na atención ás necesidades educativas especiais que se susciten
C10	Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.
C19	Comprender que a dinámica diaria en educación infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexible no exercicio da función docente.
C21	Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6.
C22	Atender as necesidades dos estudantes e transmitir seguridade, tranquilidade e afecto.
C23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e a mellora en educación infantil.

C30	Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e en colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.
C61	Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e, en particular, de ensino e aprendizaxe mediante o dominio de técnicas e estratexias necesarias.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D7	Resolución de problemas
D9	Traballo en equipo
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Identificar dificultades de aprendizaxe relacionadas coa atención á diversidade en contextos inclusivos	A2	C8	D12 D13 D16	
Estructurar e promover o aprendizaxe autónomo dos alumnos á luz dos obxectivos e contenidos propios do correspondente nivel educativo, desenvolvendo estratexias que eviten a exclusión e a discriminación.	A2	B11	D1 D2 D9 D12	
Respetar as diferencias culturais e pessoais dos alumnos e demais membros da comunidade educativa.	B2	C19	D2 D7 D9 D14	
Adquirir recursos para favorecer a integración educativa de estudantes con dificultades e realizar actividades educativas de apoio no marco dunha educación inclusiva.	A2	C21 C61	D9 D12 D13 D16	
Experimentar un clima de relación positivo e de respecto que evite a exclusión ou discriminación mediante a construción de normas de convivencia democrática, afrontando e resolvendo de forma colaborativa situacións problemáticas e conflitos interpersonais de natureza diversa, como modelo de relación que logo poidan aplicar a súa práctica profesional	B3 B11	C10 C21	D1 D2 D7 D9 D12 D13 D14 D16	
Dinamizar có alumnado a construción participada de regras de convivencia democrática, e afrontar e resolver de forma colaborativa situacións problemáticas e conflitos interpersonais de natureza diversa.	B11	C19	D2 D7 D9 D17	
Adquirir habilidades básicas de deseño e aplicación didáctica adaptada que faciliten a inclusión de estudantes con necesidades específicas de apoio educativo e desenvolver propostas de acción dentro dun enfoque comprensivo da educación diversificada.	A2	B3 C21 C22 C61	D1 D2 D7 D9 D17	
Deseñar e desenvolver proxectos educativos e unidades de programación que permitan adaptar o currículo ao contexto sociocultural e as diferentes características do alumnado.	B3	C21 C30	D2 D9	
Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites.	B11	C19	D1 D2 D14 D16	
Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción entre iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, a traballo cooperativo e o esforzo individual.	B11	C10	D12 D16 D19	
Saber informar aos outros profesionais especialistas para abordar a colaboración do centro e do mestre na atención ás necesidades educativas especiais.		C8 C21 C23	D1 D12 D14	

Contidos

Tema

1. A escola inclusiva: a escola de cada un.
2. O concepto de atención á diversidade.
3. A atención á diversidade no sistema educativo.
4. Tratamento e prevención das dificultades de aprendizaxe e da atención.
5. Programas e estratexias educativas de atención á diversidade nos centros educativos.
6. Diagnóstico e avaliación para a atención á diversidade.
7. Medidas de atención a diversidade.
8. Adaptacións curriculares.
9. Integración escolar

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	30	40
Presentación	10	10	20
Resolución de problemas	22	30	52
Traballo tutelado	8.5	25.5	34
Cartafol/dossier	1	2	3
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Presentación	Exposición por parte do alumnado dalgúns contidos referidos á materia ou produto dun traballo. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Resolución de problemas	Resolución de exercicios ou problemas propostos de forma cooperativa polo profesorado reflexionando e interpretando os coñecementos da materia e desenvolvendo solucións adecuadas. Esta materia forma parte do Proxecto de innovación docente da Facultade de Educación e Traballo social
Traballo tutelado	Desenvolvemento dun traballo ou proxecto por parte do estudante baixo as directrices e supervisión do profesor. Inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, Tics, redacción...

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Realizárase en tutorías individuais e/ou grupais sobre os contidos da materia así como apoio e orientación sobre as estratexias metodolóxicas e actividades desenvolvidas na materia.
Traballo tutelado	Realizárase en tutorías individuais e/ou grupais sobre o contido do traballo.
Resolución de problemas	Apoio e orientación aos estudantes ao obxecto de resolver as súas dúbidas, tanto individualmente como grupalmente na aula ou en titorías.
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	Atenderase a través de titorías as cuestións ou dúbidas que poida presentar o alumnado previamente ao exame.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas	Resolución de exercicios ou problemas con solucións adecuadas	30 A2	B2	C8	D1	
			B3	C10	D2	
			B11	C19	D7	
				C21	D9	
				C22	D12	
				C23	D13	
				C30	D14	
				C61	D16	
					D17	
					D19	

Traballo tutelado	Avaliación dos traballos realizados e entregados polos alumnos/as. Presentación.	30	A2	B2 B3 B11	C8 C10 C19 C21 C22 C23 C30 C61	D1 D2 D7 D9 D12 D13 D14 D16 D17 D19
Exame de preguntas obxectivas	Proba con base nos contidos fundamentais da materia	40	A2	B3	C10 C19 C21 C61	D1 D7 D12 D13 D19

Outros comentarios sobre a Avaliación

Cráterios para superar a materia 1ª convocatoria:

- Alumnado asistente: enténdese por alumnado asistente aquel que asiste con regularidade ás clases (mínimo un 80%). Este deberá participar nas tres modalidades indicadas no apartado de Avaliación e será condición indispensable para superar a materia obter en cada unha delas a metade da puntuación.

- Alumnado non asistente: enténdese por alumnado non asistente aquel que non asiste con regularidade ás clases (falta máis dun 20%). Este deberá realizar un exame no que entran todos os contidos da materia, incluídos os abordados nos traballos prácticos. Será condición indispensable para superar a materia obter como mínimo 5 puntos.

Segunda convocatoria:

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose aprobadas, polo tanto, neste curso académico. De non aprobar nesta última convocatoria non se gardarán as puntuacións obtidas nela. Responde ás mesmas esixencias e probas realizadas na primeira convocatoria.

Datos exames:

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da Facultade no espazo exames.

Outras observacións:

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo Social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para o alumnado do curso ponte grantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico en Moovi que informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ainscow, M., **Necesidades especiales en el aula. Guía para la formación del profesorado**, Narcea, 2015

Arnaiz, P. y Escarbajal, A, **Aulas abiertas a la inclusión**, Dykinson, 2021

Echeita G. y Serrano, G, **Educación Inclusiva. El sueño de una noche de verano**, Octaedro, 2019

Rodríguez, M. P., **Educación Inclusiva, ¿Es posible desde la Educación Especial?**, 9(2), 2016

Save the Children (Solla, C.), **Guía de Buenas Prácticas en Educación Inclusiva**, Save the Children. Ministerio de Asuntos Exteriores, 2013

Simón, C., Giné, C. y Echeita, G., **Escuela, familia y comunidad: Construyendo alianzas para promover la inclusión**, 10(1), 25-42, 2016

Bibliografía Complementaria

Agencia Europea para el Desarrollo de la Educación del Alumnado con NEE, **Formación del Profesorado para la Educación Inclusiva en Europa**, 2011

Ainscow, M., **Desarrollo de escuelas inclusivas: Ideas, propuestas y experiencias para mejorar las instituciones escolares**, Narcea, 2001

- Castillo-Briceño, C., **Posicionando la educación inclusiva: Una forma diferente de mirar el horizonte educativo**, 39(2), 123-152, 2015
- Del Mar Bernabé, M., Alonso, V., y Bermell, M. Á., **Evolución de la terminología relacionada con la atención a la diversidad a través de las diferentes reformas legislativas en España**, 70(1), 79-96, 2015
- Echeita, G., **Inclusión y Exclusión Educativa. Voz y Quebranto**, 6(2), 9-18, 2008
- Feijoo, C. R., y García, A. H., **La educación inclusiva, ¿un bien necesario o una asignatura pendiente?**, 16, 251-277, 2016
- Gallego, J. L.; Rodríguez, A., **El reto de una educación de calidad en la escuela inclusiva**, Vol. 48, Nº 1, 2014
- Guasp, J. J. M., Ramón, M. R. R., y De la Iglesia Mayol, B., **Buenas prácticas en educación inclusiva**, 34(1), 31-50, 2016
- Instituto de Derechos Humanos "Bartolomé de las Casas", Universidad Carlos II, **La Educación Inclusiva en España**, Nº 29, 2011
- Kyriazopoulou, M. y Weber, H., **Desarrollo de indicadores sobre educación inclusiva en Europa**, European Agency for Development in Special NeedsEd, 2009
- Lozano, J. Cerezo, M.C. y Alcaraz, S., **Plan de Atención a la Diversidad**, Alianza Editorial., 2015
- Ministerio de Educación, **Actuaciones de Éxito en las Escuelas Europeas**, 2011
- Moya, E. C., Moya, J. M., & El Homrani, M., **El aula inclusiva. Condiciones didáctica y organizativas**, 8(3), 2015
- Parrilla, A., **Acerca del origen y sentido de la educación inclusiva**, 327, 11-30, Revista de Educación, 2002
- Pedreira, M. y González Fontao, M. P., **El aprendizaje cooperativo en un centro de primaria: una experiencia inclusiva**, Nº 24, págs. 259-272, 2014
- Rodríguez, M. y Arroyo, M.J., **Las TIC al servicio de la inclusión educativa**, Review-Number 25, June, 2014
- Rojas, G. A. S., **De la anomalía a la discapacidad, una larga historia de exclusión social: de la muerte, al destierro y el repudio, a la inclusión educativa**, 3(1), 2016
- Save the Children (Solla, C.), **Diagnóstico del Estado de la Educación Inclusiva en los Centros Educativos de la Comunidad de Madrid**, Save the Children, 2012

Recomendacións

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Psicología: Prevención e tratamento das dificultades na aprendizaxe infantil/O05G110V01305

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Educación: Deseño e desenvolvemento do currículo da educación infantil/O05G110V01102

Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación infantil/O05G110V01103

Educación: Organización do centro escolar/O05G110V01203

Psicología: Psicología do desenvolvemento de 0-6 anos/O05G110V01104

Outros comentarios

Convén certo dominio de recursos informáticos (internet, tratamento de textos, programa de presentación, ...) e adecuado uso da biblioteca (saber realizar procuras de información bibliográfica, bases de datos, etc.). Valorarase unha actitude favorable e receptiva cara á aprendizaxe

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).
